



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Concesión de subvencións a clubs deportivos do Concello de Bueu, ano 2017.

ANTECEDENTES

Acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 29/08/2018 de aprobación de bases para a concesión de subvencións a clubs deportivos do Concello de Bueu, ano 2017.

Anuncio de publicación das bases no BOP da provincia núm. 173 do 07/09/2018.

Publicación do extracto da convocatoria no BOP da provincia núm. 178 do 14/09/2018.

Acta da Comisión avaliadora das subvencións de data 19/12/2018.

Informe da axente de emprego e desenvolvemento local de data 20/12/2018 relativo á inscrición dos clubs no rexistro municipal de asociacións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A Lei 7/1985 de bases de réxime local, así como a Lei 6/1997 de 14 de abril de organización e funcionamento das entidades locais atribúelle ao alcalde as funcións de xestión e organización da administración municipal.

A Resolución da Alcaldía núm. 2018-1196 de data 01/10/2018 modifica o réxime de delegacións de atribucións, entre outras, en materia de subvencións, efectuadas a favor da Xunta de Goberno Local do concello mediante Resolución da Alcaldía núm. 583/2015, revogando a totalidade das atribucións delegadas en materia de subvencións.

De acordo co indicado, RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión de subvencións aos seguintes clubs deportivos, autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes:

CLUB DEPORTIVO	PUNTUACIÓN	SUBVENCIÓN
Bueu Atlético Balonmán	162,4	6.653,89 €
Escola Fútbol Base de Beluso	33,1	1.356,18 €
Aero Dron	3,5	143,40 €
Agrupación deportiva F.S Bueu	80,8	3.310,56 €
Club Náutico Beluso	17,6	721,11 €
Club Deportivo Bueu	131,8	5.400,14 €
Club de Mar Bueu	101,5	4.158,68 €
Club Cultural Deportiva Beluso	83,4	3.417,08 €
Club Corredoiras	20,6	844,03 €
Club de Loita do Morrazo	54,3	2.224,79 €
Club de xadrez	31	1.270,14 €
TOTAL		29.500,00 €



SEGUNDO: Denegar as subvencións ás entidades que a seguir se relacionan:

ENTIDADE

MOTIVO

CLUB TRIATLON MORRAZO

Incumprimento requisito base segunda

TERCEIRO: Publicar a relación de axudas concedidas e denegadas na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE.